

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

7731 *Lei 18/2015, do 9 de xullo, pola que se modifica a Lei 37/2007, do 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

PREÁMBULO

A información que xeran as administracións públicas e os organismos do sector público constitúe un importante recurso para promover a economía do coñecemento. Deste modo, a reutilización e a posta á disposición da información do sector público con fins privados ou comerciais favorecen a circulación de información cara aos axentes económicos e á cidadanía co fin de fomentar o crecemento económico, o compromiso social e a transparencia.

Coa intención de promover a dispoñibilidade de información do sector público, a Directiva 2003/98/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de novembro de 2003, relativa á reutilización da información do sector público, estableceu un conxunto de normas mínimas e criterios homoxéneos para o tratamento da información susceptible de ser reutilizada por persoas físicas ou xurídicas. Esta norma foi incorporada ao noso ordenamento xurídico mediante a aprobación da Lei 37/2007, do 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público, cuxo obxecto é a regulación básica do réxime xurídico aplicable á reutilización dos documentos elaborados ou custodiados polas administracións e organismos do sector público. O eixe central desta disposición era a autorización potestativa de reutilización da información pública garantindo a igualdade de condicións a aqueles que a solicitaran.

Non obstante, desde a adopción da citada directiva hai máis de dez anos, e desde a aprobación da Lei 37/2007, do 16 de novembro, producíronse importantes cambios, tanto no volume de información pública xerada, que aumentou exponencialmente, como no progreso das tecnoloxías empregadas para a análise, a explotación e o tratamento de datos, o cal permite a provisión de novos servizos e aplicacións no uso, agregación e combinación deles.

Na sociedade, de igual modo, produciuse unha crecente concienciación do valor da información pública e, como consecuencia, aumentou o interese pola reutilización con fins comerciais e non comerciais.

Por outra parte, aprobáronse normas que inciden na interoperabilidade e reutilización da información, como o Real decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema nacional de interoperabilidade no ámbito da Administración electrónica, que prevé a interoperabilidade como capacidade dos sistemas de información para posibilitar o seu intercambio.

Así mesmo, a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, recolle entre os principios xerais da publicidade activa e do portal de transparencia o principio da reutilización da información pública.

Neste novo contexto, a marxe para a mellora da regulación co obxectivo de potenciar o uso transfronteirizo de datos e a necesidade de superar os obstáculos derivados das diferentes normas adoptadas nos Estados membros puxeron de manifesto a necesidade de actualizar o réxime da reutilización da información do sector público. Por este motivo,

adóptase a Directiva 2013/37/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, pola que se modifica a Directiva 2003/98/CE relativa á reutilización da información do sector público.

A nova Directiva 2013/37/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, persegue facilitar a creación de produtos e servizos de información baseados en documentos do sector público, garantir a eficacia no uso transfronterizo de documentos do sector público por parte de empresas privadas e cidadáns e promover a libre circulación de información e a comunicación, garantindo o respecto á seguridade xurídica, á protección dos datos persoais, así como á propiedade intelectual e industrial.

O obxecto da presente lei de modificación é a incorporación ao ordenamento xurídico español dos cambios que introduciu a Directiva 2013/37/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, no réxime de reutilización de documentos do sector público.

En primeiro lugar, a lei recolle as disposicións da directiva acerca da obrigación inequívoca para as administracións e organismos do sector público de autorizar a reutilización dos documentos, coa excepción daqueles cuxo acceso estea restrinxido ou excluído en virtude do ordenamento xurídico nacional, ou dos que se sometan ás excepcións previstas na directiva. Ampliouse o ámbito de aplicación ás bibliotecas, incluídas as universitarias, aos museos e aos arquivos, dado o importante volume de recursos de información que posúen e os proxectos de dixitalización que veñen levando a cabo.

En segundo lugar, a directiva mellorou a regulación dos formatos que se utilizarán para a posta á disposición da información do sector público promovendo, sempre que sexa posible e adecuado, ofrecelos en formatos abertos e lexibles por máquina xunto cos seus metadatos, polo que a lei recolle as definicións de formato lexible por máquina, formato aberto, así como a norma formal aberta que garante a interoperabilidade, entre outras.

En terceiro lugar, a lei incorporou no cálculo do réxime de tarifas pola reutilización de documentos o principio de custos marxinais establecido na directiva no cálculo destas, ben que considera excepcións para superar ese limiar. Por un lado, os arquivos, museos e bibliotecas, incluídas as universitarias, e, por outro lado, aqueles centros cuxos créditos orzamentarios dependan en parte da súa capacidade de xerar ingresos, situación en que se encontran algúns organismos oficiais cuxo principal activo é a información.

A directiva impulsa, ademais, un réxime de transparencia nas tarifas, así como o uso dos medios electrónicos na súa publicación, e estende a vía de recurso á tarificación.

En cuarto lugar, a lei incorpora a obrigación prevista na directiva de fomentar o uso de licenzas abertas, de tal forma que as licenzas para a reutilización da información do sector público presenten as mínimas restricións posibles.

Por outro lado, en materia de acordos exclusivos para a reutilización de documentos cuxa subscripción se pretende evitar co fin de fomentar a competencia, a lei inclúe o réxime especial de acordos exclusivos por tempo non superior a dez anos, por regra xeral, que regula a directiva para o caso dos recursos culturais, co obxectivo de atender ás peculiaridades da dixitalización dos recursos culturais en bibliotecas, museos e arquivos para acelerar o acceso dos cidadáns ao patrimonio cultural.

En último lugar, a directiva recolle a obrigación de realizar un informe trienal, que remitirán os Estados membros á Comisión Europea, sobre a amplitude da reutilización da información do sector público, das condicións que rexen a súa dispoñibilidade e das prácticas en materia de recurso.

Introdúcese unha disposición adicional que se xustifica pola incorporación da imprenta de billetes euro da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre no Banco de España, que pasa este último a formar parte do grupo de bancos centrais nacionais con imprenta interna. Posto que en aplicación do dereito da Unión Europea a imprenta interna debe estar baixo o control do Banco de España, e ao darse, ademais, a circunstancia de que este loxicamente actúa nesta materia como parte do Sistema europeo de bancos centrais e de que corresponderá exclusivamente ao Consello de Goberno do Banco Central Europeo tanto a definición do marco xurídico da produción de billetes como a súa asignación, debe

considerarse que unha parte das funcións da Fábrica pasa a se integrar no ámbito institucional europeo, deixando de formar parte do sector público empresarial do Estado.

A presente lei ten carácter de lexislación básica ao abeiro do disposto no artigo 149.1.18.^a da Constitución, coa excepción do establecido na disposición adicional primeira.

Artigo único. *Modificación da Lei 37/2007, do 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público.*

A Lei 37/2007, do 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o artigo 3, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 3. *Ámbito obxectivo de aplicación.*

1. Enténdese por reutilización o uso de documentos que constan en poder das administracións e organismos do sector público, por persoas físicas ou xurídicas, con fins comerciais ou non comerciais, sempre que o dito uso non constitúa unha actividade administrativa pública. Queda excluído deste concepto o intercambio de documentos entre administracións e organismos do sector público no exercicio das funcións públicas que teñan atribuídas.

2. A presente lei aplicarase aos documentos elaborados ou custodiados polas administracións e organismos do sector público, cuxa reutilización non estea expresamente limitada por estes.

3. A presente lei non será aplicable aos seguintes documentos que consten nas administracións e organismos do sector público previstos no artigo 2:

a) Os documentos sobre os cales existan prohibicións ou limitacións no dereito de acceso en virtude do previsto no artigo 37 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e nas demais normas que regulan o dereito de acceso ou a publicidade rexistral con carácter específico.

b) De conformidade coa súa lexislación específica, os documentos que afecten a defensa nacional, a seguridade do Estado, a protección da seguridade pública, así como os obtidos pola Administración tributaria e pola Administración da Seguridade Social no desempeño das súas funcións, os sometidos ao segredo estatístico, á confidencialidade comercial, tales como segredos comerciais, profesionais ou empresariais e, en xeral, os documentos relacionados con actuacións sometidas por unha norma ao deber de reserva, segredo ou confidencialidade.

c) Os documentos para cuxo acceso se requira ser titular dun dereito ou interese lexítimo.

d) Os documentos que constan nas administracións e organismos do sector público para finalidades alleas ás funcións de servizo público, de acordo coa lexislación aplicable e, en particular, coa normativa de creación do servizo público de que se trate.

e) Os documentos sobre os cales existan dereitos de propiedade intelectual ou industrial por parte de terceiros.

Non obstante, a presente lei non afecta a existencia de dereitos de propiedade intelectual das administracións e organismos do sector público nin a súa posesión por estes, nin restrinxe o exercicio deses dereitos fóra dos límites establecidos pola presente lei. O exercicio dos dereitos de propiedade intelectual das administracións e organismos do sector público deberá realizarse de forma que se facilite a súa reutilización.

O previsto no parágrafo anterior será de aplicación, así mesmo, aos documentos respecto dos cales as bibliotecas, incluídas as universitarias, os museos e os

arquivos sexan titulares orixinarios dos dereitos de propiedade intelectual como creadores dela, conforme o establecido na lexislación de propiedade intelectual, así como cando sexan titulares porque se lles transmitise a titularidade dos dereitos sobre a dita obra segundo o disposto na citada lexislación. Neste caso, deberase respectar o establecido nos termos da cesión.

f) Os documentos conservados polas entidades que xestionen os servizos esenciais de radiodifusión sonora e televisiva e as súas filiais.

g) Os documentos producidos ou conservados por institucións educativas e de investigación (incluídas as organizacións para a transferencia dos resultados da investigación, centros escolares e universidades, exceptuando as bibliotecas universitarias), así como os museos e arquivos estatais como axentes de execución do Sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación, sempre que sexan resultado dunha investigación.

h) Os documentos producidos ou conservados por institucións culturais que non sexan bibliotecas, incluídas as universitarias, museos e arquivos.

i) As partes de documentos que só inclúan logotipos, divisas e insignias.

j) Os documentos aos cales non se poida acceder ou cuxo acceso estea limitado en virtude de réximes de acceso por motivos de protección dos datos persoais, de conformidade coa normativa vixente e as partes de documentos accesibles en virtude dos ditos réximes que conteñan datos persoais cuxa reutilización se define por lei como incompatible coa lexislación relativa á protección das persoas físicas con respecto ao tratamento dos datos persoais.

k) Os documentos elaborados por entidades do sector público empresarial e fundacional no exercicio das funcións atribuídas legalmente e os de carácter comercial, industrial ou mercantil elaborados en execución do obxecto social previsto nos seus estatutos.

l) Os estudos realizados por entidades do sector público en colaboración co sector privado, mediante convenios ou calquera outro tipo de instrumento, como fórmula de financiamento deles.

4. En ningún caso poderá ser obxecto de reutilización a información en que a ponderación a que se refiren os artigos 5.3 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, presente como resultado a prevalencia do dereito fundamental á protección de datos de carácter persoal, a menos que se produza a disociación dos datos á cal se refire o artigo 15.4 da citada lei.»

Dous. Modifícase o artigo 4, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 4. *Réxime administrativo da reutilización.*

1. Os documentos das administracións e organismos do sector público serán reutilizables nos termos previstos nesta lei.

2. As administracións públicas e organismos do sector público velarán por que os documentos aos cales se aplica esta normativa poidan ser reutilizados para fins comerciais ou non comerciais, de conformidade con algunha ou algunhas das seguintes modalidades:

a) Reutilización de documentos postos á disposición do público sen suxeición a condicións.

b) Reutilización de documentos postos á disposición do público con suxeición a condicións establecidas en licenzas tipo.

c) Reutilización de documentos logo de solicitude, conforme o procedemento previsto no artigo 10 ou, se for o caso, na normativa autonómica. Nestes supostos poderanse incorporar condicións establecidas nunha licenza.

d) Acordos exclusivos conforme o procedemento previsto no artigo 6.

3. As condicións incorporadas nas licenzas deberán respectar os seguintes criterios:

- a) Deberán ser claras, xustas e transparentes.
- b) Non deberán restrinxir as posibilidades de reutilización nin limitar a competencia.
- c) Non deberán ser discriminatorias para categorías comparables de reutilización.

4. As administracións e organismos do sector público poderán facilitar licenzas tipo para a reutilización de documentos, as cales deberán estar dispoñibles en formato dixital e ser procesables electronicamente.

5. As administracións e organismos do sector público crearán sistemas de xestión documental que permitan aos cidadáns a adecuada recuperación da información, dispoñibles en liña e que enlacen cos sistemas de xestión postos á disposición dos cidadáns por outras administracións. Así mesmo, facilitarán ferramentas informáticas que permitan a busca dos documentos dispoñibles para a súa reutilización, cos metadatos pertinentes, de conformidade co establecido nas normas técnicas de interoperabilidade, accesibles, sempre que sexa posible e apropiado, en liña e en formato lexible por máquina.

En particular, a Administración xeral do Estado manterá un catálogo de información pública reutilizable, correspondente ao menos ao ámbito da Administración xeral do Estado e aos seus organismos públicos vinculados ou dependentes.

Na medida do posible, facilitarase a busca multilingüe dos documentos.

6. A reutilización de documentos que conteñan datos de carácter persoal rexerese polo disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

7. A utilización dos conxuntos de datos realizarana os usuarios ou axentes da reutilización baixo a súa responsabilidade e risco, e corresponderalles en exclusiva a eles responder fronte a terceiros por danos que puidesen derivar dela.

As administracións e organismos públicos non serán responsables do uso que da súa información fagan os axentes reutilizadores nin tampouco dos danos sufridos ou perdas económicas que, de forma directa ou indirecta, produzan ou poidan producir prexuízos económicos, materiais ou sobre datos, provocados polo uso da información reutilizada.

8. A posta á disposición dun documento por un organismo do sector público para a súa reutilización non supón renuncia ao dereito á súa explotación, nin é impedimento para a modificación dos datos que nel consten como consecuencia do exercicio de funcións ou competencias do dito organismo.

9. Igualmente, non se poderá indicar, de ningún modo, que os órganos administrativos, organismos e entidades do sector público estatal titulares da información reutilizada participan, patrocinan ou apoian a reutilización que se leve a cabo dela.»

Tres. Modifícase o artigo 5, coa seguinte redacción:

«Artigo 5. *Formatos dispoñibles para a reutilización.*

1. As administracións e os organismos do sector público promoverán que a posta á disposición dos documentos para a súa reutilización, así como a tramitación de solicitudes de reutilización, se realice por medios electrónicos e mediante plataforma multicanal cando isto sexa compatible cos medios técnicos de que dispoñen.

2. As administracións e organismos do sector público facilitarán os seus documentos en calquera formato ou lingua preexistente, pero tamén procurarán, sempre que isto sexa posible e apropiado, proporcionalos en formato aberto e

lexible por máquina conforme o previsto no número anterior e conxuntamente cos seus metadatos, cos niveis máis elevados de precisión e desagregación. Tanto o formato como os metadatos, na medida do posible, deben cumprir estándares e normas formais abertas. Isto non implicará que as administracións e organismos do sector público estean obrigados a crear documentos, adaptalos ou facilitar extractos de documentos, cando isto supoña un esforzo desproporcionado que comporte algo máis que unha simple manipulación.

3. Consonte a presente lei, non se poderá exixir ás administracións e organismos do sector público que manteñan a produción e o almacenamento dun determinado tipo de documento con vistas á súa reutilización.

4. Sen prexuízo das definicións establecidas no anexo, a posta á disposición dos documentos para a súa reutilización por medios electrónicos por parte das administracións e organismos do sector público debe realizarse nos termos establecidos polas normas reguladoras da Administración electrónica, a interoperabilidade e os datos abertos.

5. Conforme o establecido no texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, os medios electrónicos de posta á disposición dos documentos a que se refire o número 1 deste artigo serán accesibles ás persoas con discapacidade, de acordo coas normas técnicas existentes na materia.

Así mesmo, as administracións e organismos do sector público adoptarán, no posible, as medidas adecuadas para facilitar que aqueles documentos destinados a persoas con discapacidade estean dispoñibles en formatos que teñan en conta as posibilidades de reutilización por parte destas persoas.

Non reixerá esta obrigación nos supostos en que a dita adecuación non constituía un axuste razoable, entendéndose por tal o disposto no artigo 7 do texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.»

Catro. Modifícase o artigo 6, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 6. *Prohibición de dereitos exclusivos.*

1. A reutilización de documentos estará aberta a todos os axentes potenciais do mercado, mesmo en caso de que un ou máis dos axentes exploten xa produtos con valor engadido baseados nestes documentos.

Os contratos ou acordos doutro tipo entre os organismos do sector público que conserven os documentos e os terceiros non outorgarán dereitos exclusivos.

2. Só será admisible a subscripción de acordos exclusivos que corresponda aos organismos do sector público a favor de terceiros cando tales dereitos exclusivos sexan necesarios para a prestación dun servizo de interese público. En tal caso, a Administración ou o organismo do sector público correspondente quedarán obrigados á realización dunha revisión periódica e, en todo caso, cada tres anos, co fin de determinar se permanece a causa que xustificou a concesión do mencionado dereito exclusivo. Estes acordos exclusivos deberán ser transparentes e públicos.

3. Excepcionalmente, cando exista un acordo exclusivo relacionado coa dixitalización dos recursos culturais, o período de exclusividade non será superior, por regra xeral, a dez anos. No caso de que o sexa, a súa duración revisarse durante o décimo primeiro ano e, se procede, cada sete anos a partir de entón. Tales acordos deben ser tamén transparentes e poranse en coñecemento do público.

Cando exista un acordo exclusivo no sentido establecido no parágrafo anterior, deberá facilitarse gratuitamente á Administración ou organismo do sector público en cuestión, como parte dos ditos acordos, unha copia dos recursos culturais dixitalizados da mesma calidade e características técnicas do orixinal, tales como formato, resolución, gama de cores, etc., cos seus metadatos e requisitos técnicos de dixitalización establecidos nas normas nacionais e internacionais pertinentes.

Esa copia estará dispoñible para a súa reutilización unha vez finalizado o período de exclusividade.»

Cinco. Modifícase o artigo 7, coa seguinte redacción:

«Artigo 7. *Tarifas.*

1. Poderá aplicarse unha tarifa pola subministración de documentos para a súa reutilización nas condicións previstas na normativa estatal vixente ou, se for o caso, na normativa que resulte de aplicación no ámbito autonómico ou local, e limitarase esta aos custos marxinais en que se incorra para a súa reprodución, posta á disposición e difusión. No caso das publicacións oficiais electrónicas con prezo de venda ao público, aplicarase, ao menos, o mesmo prezo privado da Administración establecido como prezo de venda.

2. O disposto no número anterior non se aplicará:

a) Aos organismos do sector público aos cales se lles exixa xerar ingresos para cubrir unha parte substancial dos seus custos relativos á realización das súas misións de servizo público.

b) A título de excepción, aos documentos para os cales se lles exixa aos organismos do sector público en cuestión que xeren ingresos suficientes para cubrir unha parte substancial dos custos de recollida, produción, reprodución e difusión de documentos. Estes requisitos fixaranse de antemán e publicaranse por medios electrónicos sempre que sexa posible e apropiado.

c) Ás bibliotecas, incluídas as universitarias, aos museos e aos arquivos.

3. Nos casos a que se fai referencia no número 2, letras a) e b), os organismos do sector público en cuestión calcularán o prezo total conforme criterios obxectivos, transparentes e comprobables, que serán fixados mediante a normativa que corresponda. Os ingresos totais destes organismos obtidos por subministrar documentos e autorizar a súa reutilización durante o exercicio contable apropiado non superarán o custo de recollida, produción, reprodución e difusión, incrementado por unha marxe de beneficio razoable do investimento. A tarifa calcularase conforme os principios contables aplicables aos organismos do sector público correspondentes, de acordo coa normativa aplicable.

4. Cando sexan os organismos do sector público mencionados no número 2, letra c), os que apliquen tarifas, os ingresos totais obtidos por subministrar e autorizar a reutilización de documentos durante o exercicio contable apropiado non superarán o custo de recollida, produción, reprodución, difusión, conservación e compensación de dereitos, incrementado por unha marxe de beneficio razoable do investimento. Para os efectos de calcular a dita marxe, estes organismos poderán ter en conta os prezos aplicados polo sector privado pola reutilización de documentos idénticos ou similares. As tarifas calcularanse conforme os principios contables aplicables aos organismos do sector público correspondentes e de acordo coa normativa aplicable.

5. Poderanse aplicar tarifas diferenciadas segundo se trate de reutilización con fins comerciais ou non comerciais.

6. As administracións e organismos do sector público publicarán por medios electrónicos, sempre que sexa posible e apropiado, as tarifas fixadas para a reutilización de documentos que estean en poder de organismos do sector público, así como as condicións aplicables e o seu importe real, incluída a base de cálculo utilizada.

No resto dos casos en que se aplique unha tarifa, o organismo do sector público de que se trate indicará por adiantado que factores se terán en conta para o seu cálculo. Cando se solicite, o dito organismo tamén indicará como se calculou esa tarifa en relación coa solicitude de reutilización concreta.

No entanto, o disposto no parágrafo anterior poderá non ser de aplicación no caso das bibliotecas (incluídas as universitarias), museos e arquivos, á hora de fixar as súas tarifas.

7. Cando as tarifas exibibles teñan a natureza de taxa, o seu establecemento e a regulación dos seus elementos esenciais axustaranse ao previsto na Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, e demais normativa tributaria.»

Seis. O artigo 8 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 8. *Condicións de reutilización.*

A reutilización da información das administracións e dos organismos do sector público a que se refire o artigo 2 da presente lei poderá estar sometida, entre outras, ás seguintes condicións xerais:

- a) Que o contido da información, incluíndo os seus metadatos, non sexa alterado.
- b) Que non se desnaturalice o sentido da información.
- c) Que se cite a fonte.
- d) Que se mencione a data da última actualización.
- e) Cando a información conteña datos de carácter persoal, a finalidade ou finalidades concretas para as cales é posible a reutilización futura dos datos.
- f) Cando a información, mesmo sendo facilitada de forma disociada, conteña elementos suficientes que poidan permitir a identificación dos interesados no proceso de reutilización, á prohibición de reverter o procedemento de disociación mediante a adición de novos datos obtidos doutras fontes.»

Sete. O artigo 9 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 9. *Licenzas.*

1. As administracións e organismos do sector público incluídos dentro do ámbito de aplicación desta lei fomentarán o uso de licenzas abertas coas mínimas restricións posibles sobre a reutilización da información.

2. Nos casos en que se outorgue unha licenza, esta deberá reflectir, ao menos, a información relativa á finalidade concreta para a cal se concede a reutilización e indicará, igualmente, se esta poderá ser comercial ou non comercial, para a que se concede a reutilización, a duración da licenza, as obrigacións do beneficiario e do organismo concedente, as responsabilidades de uso e modalidades financeiras, e indicarse o carácter gratuíto ou, se for o caso, a tarifa aplicable.»

Oito. Modifícase o artigo 10, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 10. *Procedemento de tramitación de solicitudes de reutilización.*

1. As solicitudes de reutilización de documentos administrativos deberán dirixirse ao órgano competente, entendendo por tal aquel en cuxo poder consten os documentos cuxa reutilización se solicita. As solicitudes presentaranas aquelas persoas físicas ou xurídicas que pretendan reutilizar os documentos de conformidade co previsto nesta lei.

Non obstante, cando o órgano ao cal se dirixiu a solicitude non posúa a información requirida pero teña coñecemento da Administración ou organismo que a posúe, remitíralle, o máis axiña posible, a solicitude dando conta disto ao solicitante.

Cando isto non sexa posible, informará directamente o solicitante sobre a Administración ou organismo do sector público ao cal, segundo o seu coñecemento, debe dirixirse para solicitar a dita información.

2. A solicitude deberá reflectir o contido previsto no artigo 70.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, identificando o documento ou documentos susceptibles de reutilización e especificando os fins, comerciais ou non comerciais, da reutilización. Non obstante, cando unha solicitude estea formulada de maneira imprecisa, o órgano competente pedirá ao solicitante que a concrete e indicarlle expresamente que, se non o fai así, se considerará que desiste da súa solicitude, nos termos previstos no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro. O solicitante deberá concretar a súa petición no prazo de dez días contados desde o día seguinte ao da recepción do dito requirimento. Para estes efectos, o órgano competente asistirá o solicitante para delimitar o contido da información solicitada.

O cómputo do prazo para resolver a solicitude de información entenderase suspendido polo tempo que medie entre a notificación do requirimento e o seu efectivo cumprimento polo destinatario ou, na súa falta, polo transcurso do prazo concedido, e o solicitante será informado da suspensión do prazo para resolver.

3. O órgano competente resolverá as solicitudes de reutilización no prazo máximo de vinte días desde a recepción da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación, con carácter xeral. Cando polo volume e pola complexidade da información solicitada resulte imposible cumprir o citado prazo, poderase ampliar o prazo de resolución noutros vinte días. Neste caso, o solicitante deberá ser informado, no prazo máximo de dez días, de toda ampliación do prazo, así como das razóns que o xustifican.

4. As resolucións que teñan carácter estimatorio poderán autorizar a reutilización dos documentos sen condicións ou ben suporán o outorgamento da oportuna licenza para a súa reutilización nas condicións pertinentes impostas a través dela. En todo caso, a resolución estimatoria suporá a posta á disposición do documento no mesmo prazo previsto no número anterior para resolver.

5. Se a resolución denega total ou parcialmente a reutilización solicitada, notificarase ao solicitante e comunicarlle os motivos da dita negativa nos prazos mencionados no número 3, motivos que deberán estar fundados nalgunha das disposicións desta lei ou no ordenamento xurídico vixente.

6. En caso de que a resolución desestimatoria estea fundada na existencia de dereitos de propiedade intelectual ou industrial por parte de terceiros, o órgano competente deberá incluír unha referencia á persoa física ou xurídica titular dos dereitos cando esta sexa coñecida ou, alternativamente, ao cedente do cal o organismo obtivo os documentos. As bibliotecas, incluídas as universitarias, os museos e os arquivos non estarán obrigados a incluír tal referencia.

7. En todo caso, as resolucións adoptadas deberán conter unha referencia ás vías de recurso a que se poida acoller, se é o caso, o solicitante, nos termos previstos no artigo 58.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

8. Se no prazo máximo previsto para resolver e notificar non se dita resolución expresa, o solicitante poderá entender desestimada a súa solicitude.»

Nove. Introdúcese unha disposición adicional terceira coa seguinte redacción:

«Disposición adicional terceira. *Obrigación de información á Comisión Europea.*

1. O Goberno presentará cada 3 anos á Comisión Europea un informe sobre a dispoñibilidade da información do sector público para a reutilización, e indicará nel as condicións que rexen a súa dispoñibilidade e as prácticas en materia de recurso. Este informe será público e incluír unha revisión da aplicación do artigo 7 relativo ás tarifas, en particular no que respecta ao cálculo de tarifas superiores aos custos marxinais.

2. Para o cumprimento do disposto no número anterior, serán obxecto de desenvolvemento regulamentario os aspectos relativos á coordinación entre a Administración xeral do Estado, as administracións das comunidades autónomas e

as entidades que integran a Administración local e os organismos públicos citados no artigo 2.»

Dez. Introdúcese unha disposición adicional cuarta coa seguinte redacción:

«Disposición adicional cuarta. *Transferencia para a reutilización pública de microdatos de enquisas correspondentes a investigacións sociolóxicas.*

1. Os proxectos de investigación, análise ou diagnóstico social que vaian ser desenvolvidos polos suxeitos relacionados no artigo 2.a), b), c) e d), sempre que impliquen a realización de enquisas cuantitativas no ámbito das ciencias sociais con toma de datos deberán incorporar no seu deseño un plan para a inclusión da documentación e microdatos anonimizados da dita enquisa nun banco de datos específico, creado no Centro de Investigacións Sociolóxicas. Este plan depositarase no mencionado banco de datos nos 12 meses posteriores á aprobación do proxecto, e os microdatos anonimizados que integren o estudo deberán transferirse nun período non superior a catro anos desde a aprobación do proxecto. Este prazo poderá ser ampliado excepcionalmente por causas derivadas do desenvolvemento e conclusión do proxecto.

2. Non obstante o disposto no número anterior, quedan excluídas de tal obrigaón:

a) As enquisas realizadas por axencias estatais, polas entidades públicas empresariais, polas sociedades mercantís estatais, polas fundacións públicas e polas entidades de dereito público con independencia funcional ou cunha especial autonomía recoñecida pola lei cando actúen en réxime de dereito privado.

b) As realizadas pola Sociedade Estatal de Participacións Industriais, ou por calquera das empresas ou fundacións do seu grupo, ou polo Instituto Nacional de Estadística (INE) e polos organismos similares das comunidades autónomas.

c) As enquisas que conformen as estatísticas de carácter oficial incluídas nos correspondentes plans estatísticos nacionais e suxeitas á Lei 12/1989, do 9 de maio, da función estatística pública, así como as estatísticas europeas suxeitas á súa normativa específica. Non obstante, neste caso, o INE impulsará, como coordinador do Sistema estatístico da Administración do Estado, que se dea a publicidade debida aos microdatos destas enquisas con finalidade estatística elaboradas por estes organismos.

3. Non serán obxecto de transferencia os microdatos obtidos de rexistros administrativos de datos, así como os utilizados para as enquisas que sexan determinantes ou indispensables para a política estratéxica interna das entidades que as leven a cabo nos termos que se determine regulamentariamente.

4. As empresas, equipos de investigación particulares e persoas físicas ou xurídicas que realicen, así mesmo, este tipo de proxectos a través de enquisas cuantitativas no ámbito das ciencias sociais con toma de datos, e que reciban axudas ou subvencións públicas, sempre que estas supoñan máis do 50% dos fondos con que se financien os seus proxectos de investigación, estarán igualmente sometidas á presentación do plan e á obrigaón de transferir os datos para a súa obtención. Na normativa reguladora do réxime subvencional de axudas públicas para este tipo de proxectos e nas súas sucesivas convocatorias, especialmente aquelas derivadas do Plan nacional de I+D+i e do Plan nacional da ciencia, faranse constar estas obrigaóns. Non obstante, respecto destes suxeitos será aplicable a mesma posibilidade de exclusión cando a publicación dos microdatos poida causar un prexuízo competitivo irreparable no seu posicionamento empresarial no mercado.

5. O incumprimento desta obrigaón por parte dos equipos investigadores responsables, especialmente no marco dos plans nacionais de investigación científica, desenvolvemento e innovación tecnolóxica, suporá causa de exclusión á hora de solicitar novas axudas de financiamento público, de acordo cos

procedementos sancionadores previstos na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.»

Once. Introdúcese unha disposición adicional quinta coa seguinte redacción:

«Disposición adicional quinta. *Reutilización de documentos, arquivos e coleccións de orixe privada.*

En canto aos documentos, arquivos e coleccións de orixe privada, conservados nos arquivos, bibliotecas (incluídas as universitarias) e museos, a súa posta á disposición con fins de reutilización debe respectar as condicións establecidas no instrumento xurídico correspondente que dese lugar á conservación e custodia destes fondos en institucións culturais públicas.»

Doce. Modifícase a disposición transitoria única, que queda redactada do seguinte modo:

«Disposición transitoria única. *Réxime transitorio aplicable aos acordos exclusivos.*

Os acordos exclusivos existentes en 1 de xullo de 2005 aos cales non se aplique a excepción prevista no artigo 6.2 concluirán cando expire o contrato ou, en calquera caso, non máis tarde do 31 de decembro de 2008.

Sen prexuízo do parágrafo anterior, os acordos exclusivos existentes en 17 de xullo de 2013 aos cales non se apliquen as excepcións recollidas nos artigos 6.2 e 6.3 concluirán cando expire o contrato ou, en calquera caso, como máis tarde o 18 de xullo de 2043.»

Trece. Inclúese un anexo coa seguinte redacción:

«Definicións

Para efectos da presente lei, enténdese por:

1. Datos abertos: son aqueles que calquera é libre de utilizar, reutilizar e redistribuír, co único límite, se for o caso, do requisito de atribución da súa fonte ou recoñecemento da súa autoría.

2. Documento: toda información ou parte dela, calquera que sexa o seu soporte ou forma de expresión, sexa esta textual, gráfica, sonora visual ou audiovisual, incluíndo os metadatos asociados e os datos contidos cos niveis máis elevados de precisión e desagregación. Para estes efectos, non se considerarán documentos os programas informáticos que estean protexidos pola lexislación específica aplicable a eles.

3. Formato lexible por máquina: un formato de arquivo estruturado que permita ás aplicacións informáticas identificar, recoñecer e extraer con facilidade datos específicos, incluídas as declaracións fácticas e a súa estrutura interna.

4. Formato aberto: un formato de arquivo independente de plataformas e posto á disposición do público sen restricións que impidan a reutilización dos documentos.

5. Norma formal aberta: unha norma establecida por escrito que especifica os criterios de interoperabilidade da aplicación informática.

6. Universidade: todo organismo do sector público que imparta ensino superior post-secundario conducente á obtención de títulos académicos.»

Disposición adicional primeira. *Réxime orzamentario.*

As medidas incluídas nesta norma non poderán supor incremento de dotacións, nin de retribucións nin doutros gastos de persoal.

Disposición adicional segunda. *Réxime específico para o persoal da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre (FNMT).*

1. Os que sexan traballadores da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre no momento da constitución da sociedade mercantil de capital público prevista na disposición adicional oitava da Lei 13/1994, do 1 de xuño, de autonomía do Banco de España, e sexan adscritos á dita sociedade, terán no suposto dun proceso de despedimento colectivo fundado en causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción, dereito a optar pola indemnización que proceda ou pola súa incorporación na Fábrica Nacional de Moeda e Timbre; neste caso, conservarán a antigüidade e demais dereitos laborais que teñan consolidados en atención á súa clasificación profesional.

2. Cando a Fábrica Nacional de Moeda e Timbre acredite, no suposto dun proceso de despedimento colectivo fundado en causas económicas, que estas teñen a súa orixe directa no traspaso da actividade de produción de billetes euro, o resto dos traballadores da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre que o fosen no momento da constitución da citada sociedade e que non se adscribisen a ela, terán dereito a optar, ben pola indemnización que proceda ben pola súa incorporación nun posto vacante adecuado á súa cualificación profesional, na Administración xeral do Estado ou nunha entidade do sector público estatal, e conservarán, neste caso, a antigüidade e os demais dereitos laborais que tivesen consolidados.

3. O disposto no número anterior aplicarase tamén aos traballadores aos cales se refire o número 1 desta disposición que opten por incorporarse á Fábrica Nacional de Moeda e Timbre provenientes da citada sociedade.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 14/2006, do 26 de maio, sobre técnicas de reprodución humana asistida.*

Engádesse unha disposición adicional sexta á Lei 14/2006, do 26 de maio, sobre técnicas de reprodución humana asistida, nos seguintes termos:

«Disposición adicional sexta.

A constitución, a organización e o funcionamento do Rexistro Nacional de Actividade e os resultados dos centros e servizos de reprodución asistida a que se refire o artigo 22 desta lei poderano levar a cabo, a través dos instrumentos xurídicos pertinentes, entidades ou sociedades científicas que acrediten ante o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade a experiencia e a capacidade para desenvolver e manter un rexistro desta natureza coas garantías de calidade, fiabilidade, confidencialidade, amplitude e organización da información que lles sexan requiridas polos órganos competentes do dito departamento.

A ausencia de subministración ao rexistro citado dos datos pertencentes a un centro determinado durante un período anual terán a mesma consideración de falta grave prevista no número 2.b).4.^a do artigo 26 desta lei, á cal resultarán de aplicación as sancións previstas no artigo 27 desta mesma norma legal.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.*

Modifícase a disposición transitoria sétima da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, que queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición transitoria sétima. *Réxime transitorio dos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter estatal.*

1. En canto non entre en vigor o regulamento previsto no artigo 92 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e en todo aquilo que non se opoña ao disposto nesta lei, mantén a súa vixencia a normativa

reglamentaria referida aos funcionarios incluídos no ámbito de aplicación do citado artigo.

Até o 31 de decembro de 2016, salvo prórroga pola correspondente Lei de orzamentos xerais do Estado, excepcionalmente, cando nas corporacións locais cuxa poboación sexa inferior a 20.000 habitantes quede acreditada, mediante informe ao Pleno, a imposibilidade de que as funcións de tesouraría e recadación sexan desempeñadas por un funcionario de Administración local con habilitación de carácter nacional, xa sexa con carácter definitivo, provisional, acumulación ou agrupación, as ditas funcións poderán ser exercidas por funcionarios de carreira da deputación provincial ou entidades equivalentes, de acordo co previsto no artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, ou, cando quede acreditado que isto non resulta posible, por funcionarios de carreira que presten servizos na corporación local. En ambos os casos, deberán ser funcionarios de carreira e actuarán baixo a coordinación de funcionarios do grupo A1 das deputacións provinciais ou entidades equivalentes.

2. Os procedementos administrativos referidos a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter estatal iniciados con anterioridade á entrada en vigor desta lei continuarán a súa tramitación e resolveranse de acordo coa normativa vixente no momento da súa iniciación.

3. As referencias á escala de funcionarios con habilitación de carácter estatal entenderanse feitas á escala de funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación da regulación do destino do efectivo e dos saldos en contas e depósitos abandonados.*

A Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, queda modificada no seguinte sentido:

Un. O artigo 18 pasará a ter a seguinte redacción:

«Artigo 18. *Saldos e depósitos abandonados.*

1. Corresponden á Administración xeral do Estado os valores, o diñeiro e demais bens mobles depositados na Caixa Xeral de Depósitos e en entidades de crédito, sociedades ou axencias de valores ou calquera outra entidade financeira, así como os saldos de contas correntes, cartillas de aforro ou outros instrumentos similares abertos nestes establecementos, respecto dos cales os interesados non practicasen xestión ningunha que implique o exercicio do seu dereito de propiedade no prazo de vinte anos.

2. O efectivo e os saldos das contas e cartillas a que se refire o número anterior destinaranse a financiar programas dirixidos a promover a mellora das condicións educativas das persoas con discapacidade na forma prevista na disposición adicional vixésimo cuarta.

3. A xestión, administración e explotación dos restantes bens que se encontren na situación prevista no número 1 deste artigo corresponderán á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, a cal poderá allealos polo procedemento que, en función da natureza do ben ou dereito, considere máis adecuado, logo de xustificación razoada no respectivo expediente.

4. As entidades depositarias estarán obrigadas a comunicar ao Ministerio de Facenda a existencia de tales depósitos e saldos na forma que se determine por orde do ministro titular deste departamento.

5. Nos informes de auditoría que se emitan en relación coas contas destas entidades farase constar, se for o caso, a existencia de saldos e depósitos incursos en abandono, conforme o disposto no número 1 deste artigo.»

Dous. Engádesse unha disposición adicional coa seguinte redacción:

«Disposición adicional vixésimo cuarta. *Programa para a mellora das condicións educativas das persoas con discapacidade.*

A Administración xeral do Estado desenvolverá, a través do Real Padroado sobre Discapacidade, un programa dirixido a promover a mellora das condicións educativas das persoas con discapacidade, con especial atención aos aspectos relacionados co seu desenvolvemento profesional e á innovación e á investigación aplicadas a estas políticas, a través de axudas directas aos beneficiarios.

Na concesión destas axudas, sometidas aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade e non discriminación, teranse en conta, especialmente, as necesidades dos solicitantes, así como a súa idoneidade para obter o maior aproveitamento posible en termos de vida autónoma, participación social e inclusión na comunidade.

O efectivo e os saldos de contas correntes, cartillas de aforro e outros depósitos en efectivo a que fai referencia o número 2 do artigo 18 desta lei aplicaranse a un concepto específico do orzamento de ingresos do Estado, e poderase xerar crédito, de conformidade co establecido na Lei xeral orzamentaria, no Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade con destino ao Real Padroado sobre Discapacidade para financiar o desenvolvemento do Programa para a mellora de condicións educativas das persoas con discapacidade.»

Disposición derradeira cuarta. *Título competencial.*

A presente lei ten carácter de lexislación básica ao abeiro do disposto no artigo 149.1.18.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia para ditar as bases do réxime xurídico das administracións públicas, a excepción da disposición adicional primeira.

Disposición derradeira quinta. *Incorporación do dereito da Unión Europea.*

Mediante esta lei incorpórase ao dereito español a Directiva 2013/37/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, pola que se modifica a Directiva 2003/98/CE relativa á reutilización da información do sector público.

Disposición derradeira sexta. *Desenvolvemento regulamentario.*

O Goberno, no ámbito das súas competencias, ditará cantas disposicións sexan necesarias para a execución e o desenvolvemento do establecido nesta lei, tendo en conta as directrices que poida formular a Comisión Europea, especialmente no que respecta ás licenzas tipo recomendadas, aos conxuntos de datos e ao cobramento pola reutilización de documentos.

Establécese un prazo dun ano desde a entrada en vigor desta norma para adecuar a esta as normas previas de desenvolvemento da Lei 37/2007, do 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público.

Disposición derradeira sétima. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 9 de xullo de 2015.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY